

Asistentes:

Equipo decanal

Alonso Bacigalupe, Luis
Anaya Revuelta, Inmaculada
Cruces Colado, Susana
Del Pozo Triviño, Maribel
Figueroa Dorrego, Jorge
Seijas Montero, María

Sector (A) Profesorado

Agustín Guijarro, Javier de
Arias Freixedo, Xosé Bieito
Báez Montero, Inmaculada C.
Becerra Suárez, M^a Carmen
Cabeza Pereiro, M^a Carmen
Candelas Colodrón, Manuel A.
Caneda Cabrera, M^a Teresa
Chas Aguión, Antonio
Cortés Gabaudán, Helena
Corvo Sánchez, M^a. José
Cuevas Alonso, Miguel
Fariña Busto, M^a Jesús
Fernández Rodríguez, Áurea
Fernández Salgado, Xosé A.
García-Miguel Gallego, José M^a.
Gómez Clemente, Xosé M^a
González Álvarez, M^a Dolores
Ledo Lemos, Francisco José
Lorenzo García, M^a Lourdes
Luna Alonso, Ana
Luna Sellés, Carmen
Mascuán Tolón, Patricia Silvia
Miquel Vergés, Joan
Montero Domínguez, Xoán
Montero Reguera, José Francisco
Pereira Rodríguez, Ana M^a
Rama Martínez, M^a Esperanza
Rifón Sánchez, Antonio
Ripoll Delebourse, Virginia
Rodríguez Barcia, Susana
Rodríguez Guerra, Alexandre
Rodríguez Rodríguez, Beatriz
Rodríguez Vázquez, Rosalía
Ruzicka Kenfel, Veljka
Salceda Rodríguez, Hermes
Seoane Posse, Elena C.
Solla González, Amparo
Urdiales Shaw, Martín
Veiga Díaz, M^a Teresa
Yáñez Bouza, Nuria

Acta da Xunta de Facultade extraordinaria celebrada o día 6 de novembro de 2019 ás 12 h en convocatoria única no Salón de Actos da FFT.

Punto único da orde do día: Información e debate sobre o novo grao en FGE

Antes de pasar ao punto único, o decano informa sobre os seguintes puntos:

- 1- A nova vicedecana de calidade é María Seijas. Agradecemos o traballo da vicedecana anterior, Dolores González, durante estes meses.
- 2- Susana Cruces deixa a secretaría da FFT a partir do 21 de novembro e será substituída por Iolanda Galanes. Agradecemos tamén o seu traballo durante estes meses.

Información e debate sobre o novo grao en FGE

Houbo dúas solicitudes para participar por parte do estudantado: María Bará e Aixa Villaverde Ríos.

O mércores 30 de outubro houbo unha reunión co equipo de goberno. Estiveron o reitor, o director da Área de Grao e o vicerreitor de Profesorado e Organización Académica. Convócase porque se nos comunica por escrito que o grao proposto en xullo fora rexeitado (10 outubro de 2019). Estiveron presentes os directores do departamentos de FIFA, Lingua española, Literatura española e Teoría da Literatura e de Filoloxía Galega e Latina.

Hai que reformular a proposta presentada en xullo porque se parece demasiado a outras ofertas de grao que xa existen. Probablemente haxa unha reunión a mediados deste mes. A reunión de hoxe é para iniciar a reflexión. A opción de modificar o GCLEL é unha delas.

Onte houbo unha reunión da comisión elixida para facer a proposta da reforma do grao.

Ábrese unha quenda de intevencións

Miguel Cuevas: Piden máis tecnoloxías. Poderíase facer con tres polas: galego, español e lingua de signos.

Xosé María Gómez: A proposta da reitoría é facer un novo grao que non coincida có das outras universidades. Vai ser difícil, porque os contidos esenciais son de lingua e literatura galega e castelá. É probable que nos digan que non. Segundo o director

Sector (B) Profesorado

Sector (C) Alumnado

Carrillo Rodríguez, Lara

Sector (D) PAS

López González, María Rosa

Otero Rey, María Belén

Desculpas e ausencias xustificadas

Alonso Alonso, Rosa

Álvarez Lugris, Alberto

Baltrusch, Burghard

Baxter, Robert Neal

Bermúdez Montes, M^a Teresa

Bueno Alonso, Jorge Luis

Dasilva Fernández, Xosé Manuel

Díaz Fouces, Óscar

Domínguez Castro, Luís

Galanes Santos, Iolanda

Martín Lucas, Belén

Pérez Álvarez, Raúl Manuel

Pérez Guerra, Javier

Quilis Sanz, M^a José

Ramallo Fernández, Fernando

Sánchez Trigo, M^a Elena

Soto Andión, Xosé

Suárez Briones, Beatriz

Valado Fernández, Liliana

Ausencias sen xustificar

Amosa Mendoza, Esther

Andrés Iglesias, Jesús

Angueira Viturro, Anxo

Bello Davila, Cristina

Bringas López, Ana

Costas González, Xosé Henrique

Fernández Álvarez, M. Santiago

Fernández Ocampo, Anxo

Ferreiro Vázquez, Óscar

Gamallo Valladares, Andrea

García González, Marta

Garrido Rodrigues, Carlos

Gómez Guinovart, Fco. Xavier

González Maestro, Jesús

Iglesias van der Woude, Miguel

Llantada Díaz, M^a Francisca

Marcos Vázquez, Juan Antonio

Martínez Insua, Ana Elina

Montero Küpper, Silvia

Navaza Blanco, Gonzalo

Nogueiras Justo, Francisco Manuel

Parada Diéguez, Arturo

Peres Rodrigues, José Henrique

Pérez Rodríguez, M^a Rosa

Ribao Pereira, Montserrat

Rodríguez Yáñez, Xoán Paulo

Santos García, Mercedes

Souto Rodal, Tania

xeral non houbo consenso. O novo grao é inviable. Solicita a esta Xunta de Facultade no seu nome e no de Burghard Baltrusch e Joaquín Sueiro que se discuta a reforma do GCLEL. Presentarán no rexistro unha proposta de reforma. Será unha modificación, non unha verificación dun novo grao.

Aixa Villaverde toma a palabra en representación da Plataforma en Defensa das Humanidades. A súa proposta vai na liña de Burghard Baltrusch, Xosé María Gómez e Joaquín Sueiro. Queremos manter o grao, aceptando modificacións pertinentes, en base a calidade de docencia e o interese do alumnado. Piden a apertura de todos os módulos ou ben unha consulta vinculante na que se teñan en conta os intereses do alumnado. Piden que se blinden os tres graos da FFT. O estudantado segue a reunirse en asembleas e quere animar a PAS e PDI a que asistan para dialogar e compartir posturas.

O decano responde que xa se fixeron enquisas para saber cales eran os módulos preferidos polo estudantado e foron os que se implantaron. Con 22 alumnos é difícil implantalos todos, xa que son en total 63 materias.

Carmen Becerra: O que hai que facer é defender o que saíu desta facultade e facer algún cambio que modifique e enriqueza a proposta, é dicir seguir na mesma dirección. Voltar ao punto de partida é perder o tempo.

Alexandre Rodríguez: Quere manifestar que o problema básico son as poucas certezas e as moitas dúbidas que existen. Por iso estamos en indefensión. O que é un problema de política universitaria estásenos trasladando a nós. Ten dúas peticións xerais. Unha, tentemos remar na mesma dirección, mesmo tendo distintas opinións. Dúas, xa que se nos está a pedir xogar nun terreo que non nos corresponde, temos que botar man da estratexia. É bo ir a esa reunión cunhas liñas concretas.

O decano, indica que non participabamos directamente nas reunións. Agora si que se aceptou.

Dolores González: Quere matizar o que indicou Miguel Cuevas. O Consenso do que se falou foi de 4 títulos novos que se implantan.

O decano: o escrito supostamente non reflicte o que se dixo na reunión. O secretario xeral de universidades afirmou: “Non o vexo”.

Xosé María Gómez: As novas tecnoloxías xa as temos no actual GCLEL. Temos un grao que non está en extinción. Evidentemente hai que remar na mesma dirección. Temos que tentar que deixe de dicir “non o vexo” para que se converta en “non o vin”.

María Bará: Tamén está na Plataforma para a Defensa das Humanidades. Subscribe o que afirmou a súa compañeira. Sorprende que se esixa algo novo, cando decidiran pechar algo que xa era diferente. Concordan co proposta de Burghard Baltrusch,

Sueiro Justel, Joaquín
Torres Sotelo, Laura
Veiga López, Daniel
Yuste Frías, José

Xosé María Gómez e Joaquín Sueiro para modificar o grao existente. O feito de non ter a oferta completa dos módulos desanima e fai que o alumnado se sinta enganado. Entrase nun bucle, no que non se abren módulos porque no hai alumando, pero non hai alumnado porque non hai oferta de módulos.

José Montero: Todo isto comeza porque en febreiro de 2019 se nos indica que o GCLEL se vai pechar. Se iso non foi así, é polo traballo levado a cabo. Vivimos nun SUG que é un despropósito, non hai nada escrito, todo é oral. Entendeu que había acordo entre as tres universidades sobre o novo grao, e despois chega un deus ex machina que di “non o vexo”. Agora nós temos “que roelo”. Antes que desbotar o que fixemos, teremos que discutir co secretario xeral de universidades. Insiste en que temos que remar todos xuntos.

O decano: Está convencido de que temos que perseverar no camiño iniciado e ir xuntos para facer propostas comúns e chegar acordos comúns.

Sobre a idea de manter o GCLEL, entende as palabras da alumna: engano e decepción. O esforzo que se leva facendo durante estes anos en termos económicos, de tempo é inxente. Nunca houbo todos os módulos, polo que non se pode recuperar o que non existiu. Por iso nunca se enganou ao alumnado. Hai agora 5 módulos e medio. Hai máis de 40 materias optativas para uns 20 estudantes. Noutros centros desta universidade teñen 14 ou 15 materias.

Considera que haberá que amosarlle o camiño o secretario xeral de universidades. Ao mellor con imaxinación e algo de “cosmética”. Na nova proposta hai 4 módulos, tamén está incluído o de portugués. Estase poñendo en marcha un mestrado de ensino de Lingua española, polo que ese módulo xa sobraría. Ben poderíamos meter contidos con o emprego das novas tecnoloxías. Quedarían os módulos de escrita creativa que se poderían incluír no itinerario de galego e español. Con novo plan poderíanse incluír contidos moi semellantes aos que existen no GCLEL.

Aixa Villaverde: Os intereses do alumnado mudan dun ano para outro. A meirande parte son para a escrita creativa e estudos lusófonos.

Miguel Cuevas: Xorden dúbidas. Temos que chegar a reunión con propostas. Tamén coa da reforma do GCLEL. De facer unha reforma do GCL e non funcionar pódennos pechar. O que se presentou á Xunta non foi completamente desbotado. Podemos levar as dúas vías.

Xosé María Gómez: En xaneiro indicaron que o grao estaba pechado, non é así porque non hai un acordo da Xunta. O GCLEL non é unha viabilidade do anterior. Isto supón un descoñecemento da lexislación. Convencidos de que o título de GCLEL pode ser reformado para non saltarmos a verificación.

Queremos defendelo porque temos medo de que nos volvan dicir que a proposta está repetida. Pode ser que os ollos do secretario xeral de universidades estean fixados na USC. Como membro do anterior equipo estaba en desacordo en que se implantase menos de 7 módulos xa que era unha decisión arriscada.

Vicedecana de organización académica: a oferta de módulos sobre o papel é moi interesante pero hai un problema grande cos horarios. Isto suporía un horario de clases de 9 h a 20 h de luns venres. Pero por outra banda hai solicitudes por parte do alumnado e profesorado para restrinxir horarios (clase non os venres, non ás 9, etc.).

Alexandre Rodríguez: Na reunión co equipo de goberno, preguntamos polos prazos. A prórroga non é sine die. Dispoñemos deste curso. Deberíase aproveitar a reunión para conseguir algo que non se pode volver repetir, que é a sensación de “tomadura de pelo”.

O decano: Seguiremos avanzando na comisión de traballo.

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 13.26 h.

Vigo, 6 de novembro de 2019

Visto e prace do Decano

A Secretaria

Luís Alonso Bacigalupe

Susana Cruces Colado
segundo o disposto polos artigos 6 e 7 do
Regulamento Interno da FFT, 67 dos *Estatutos da Universidade de Vigo* e 26.3 e 27 da *Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común*

DILIXENCIA para facer constar que esta acta foi aprobada, sen alegacións, na sesión ordinaria da Xunta de Facultade celebrada o día de de 2019.

A Secretaria da Facultade

M^a Susana Cruces Colado